

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 15 de setembro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, 15 de setembro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria nº 8/06, do 27 de xullo.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.482 á nº 16.117, de 2006.](#)

[3.-Dar conta do outorgamento da Vieira de Prata 2006 á Deputación Provincial da Coruña polo Padroado da Cultura Galega de Montevideo \(Uruguai\).](#)

Cooperación e Asistencia a Municipios

[4.-Aprobación do proxecto de terminación da obra “Dotación de servizos de saneamento e abastecemento de auga en Samoedo, 3-F” do Concello de Sada incluída no POS 2004. Código: 04.2100.0302.0.](#)

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

[5.-Aprobación definitiva do expediente para o exercicio de actividades socioculturais no Teatro Colón e na provincia, así como do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión, e ao Regulamento do servizo que contén as normas do seu funcionamento para a realización de actividades socioculturais no Teatro Colón.](#)

[6.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de 21.024 metros ² dos terreos de titularidade da deputación sitos na marxe dereita da estrada AC 173 \(que discorre de Perillo a Mera ao seu paso por Bastiagueiro, municipio de Oleiros\) a favor do Concello de Oleiros coa finalidade de os destinar a Auditorio Municipal.](#)

[7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Cubrición de pistas de padel na Malata Pl.” do Concello de Ferrol, incluída na 2ª fase da anualidade 2004 do IV Convenio de Cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 04.7450.0013.0.](#)

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[8.-Aprobación técnica do proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 0302 de Teixeira á Falcona Pk. 0.00 ao 3.85 que integra a décima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 de acordo co Programa de investimentos de vías provinciais](#)

2006-2008 e solicitar á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras.

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

9.-Sinatura do convenio coa entidade A Creba para a construción dun centro ocupacional en Noia.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Rodríguez Lema.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA Nº 8/06, DO 27 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión plenaria ordinaria nº 8/06, do 27 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 13.482 Á Nº 16.117, DE 2006.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13.482 á nº 16.117, de 2006.

3.-DAR CONTA DO OUTORGAMENTO DA VIEIRA DE PRATA 2006 Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLO PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO (URUGUAI).

Dáse conta ao Pleno do outorgamento da Vieira de Prata 2006 á Deputación Provincial da Coruña polo Padroado da Cultura Galega de Montevideo (Uruguai).

Sr. secretario

Tamén hai que dar conta, por imperativo regulamentario, da substitución como presidente da Comisión Informativa Permanente de Deportes, Xuventude e Medio Ambiente, de don Ramón Quintáns Vila, a petición propia, pola deputada, dona Pilar

Souto Iglesias. A Resolución é do 13 de setembro de 2006, con efectos dende ese mesmo día.

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA "DOTACIÓN DE SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN SAMOEDO, 3-F" DO CONCELLO DE SADA INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO: 04.2100.0302.0.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Bos días a todos, e desexarlle á nova responsábel de Deportes o mellor posíbel nese tema tan importante para todos e, sobre todo, para a nosa xuventude. Dito isto, direi que tanto este punto coma os restantes imos votalos a favor, uns son puntos de trámite, outros xa demos o noso visto e prace firme en comisión, como pode ser o do Teatro Colón, e outros máis; polo tanto, direi que imos votar a favor todos os puntos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Visto o expediente de resolución do contrato da obra "**Dotación de servizos de saneamento e abastecemento de auga en Samoedo, 3-F**" do Concello de Sada (Código: 04.2100.0302.0), na que está a obra parcialmente executada polo 1º contratista adxudicatario das obras.

Visto o proxecto de terminación presentado polo concello, que representa un incremento en relación coa obra pendente de executar polo 1º contratista adxudicatario das obras, que é asumido integramente polo concello, sen modificar as achegas iniciais do MAP e da deputación sobre o orzamento de adxudicación.

Aprobar o proxecto terminación da obra "**Dotación de servizos de saneamento e abastecemento da auga en Samoedo, 3-F**" do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos, de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0302.2), cun orzamento de contrata de **32.415,51 €.**"

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Estado</u>	<u>Dep. fondos propios</u>	<u>Dep. préstamo</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
04.2100.0302.2	Proxecto de terminación do de dotación de servizos de saneamento e abastecemento de auga en Samoedo, 3-F (Concello de Sada)	3.921,19	6.862,40	9.334,56	12.297,36	32.415,51

5.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS NO TEATRO COLÓN E NA PROVINCIA, ASÍ COMO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO DA XESTIÓN DO TEATRO COLÓN E A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS SOCIOCULTURAS NA PROVINCIA DA CORUÑA NA MODALIDADE DE CONCESIÓN, E AO REGULAMENTO DO SERVIZO QUE CONTÉN AS NORMAS DO SEU FUNCIONAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS NO TEATRO COLÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 29 de xuño de 2006, e logo de transcorrer o prazo de información pública, sen que se formularan reclamacións (BOP nº 160 do 13/07/06)

PROCEDE adoptar os seguintes acordos:

- 1.- Proposta para o exercicio das actividades socio-culturais no Teatro Colón e na provincia:
 - a.- Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concorrancia. Aprobar definitivamente o expediente para o exercicio de actividades socioculturais no Teatro Colón e na provincia en réxime de libre concorrancia, de conformidade co disposto no art. 86 da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 97 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986 do 18 de abril.
 - b.- Aprobación definitiva da memoria elaborada pola Comisión de Estudo. Aprobar definitivamente a memoria xurídica e económica e a memoria técnica denominada “Viabilidade e normativa para o uso sociocultural do Teatro Colón da Excm. Deputación provincial”
- 2.- Considerar aprobado definitivamente o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de accidentes socioculturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 160 o 13 de xullo de 2006, ao non formulárense reclamacións.
- 3.- Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón: aprobación definitiva
 - a.- Considerar definitivamente aprobado o Regulamento do servizo que contén as normas do seu funcionamento para a realización de actividades socioculturais no Teatro Colón, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei reguladora das bases de réxime local, ao non formulárense reclamacións a este (BOP nº 160 do 13/07/06)

b.- Remitir copia íntegra e fidedigna dela á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia e publicar integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cuxa entrada en vigor producirase transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 en relación co 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.”

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEATRO COLÓN

INTRODUCCIÓN

A Deputación Provincial da Coruña considera que o acceso á cultura recoñecido pola Constitución (art. 44) e á que todos teñen dereito, debe ser promovido mediante a realización e fomento do maior número de actividades culturais, para atender ás demandas que esixe unha sociedade que considera valor prioritario para o desenvolvemento humano o goce da cultura en todas as súas manifestacións.

Para iso, e como unha liña máis de desenvolvemento de actividades culturais, a Deputación Provincial da Coruña pon en marcha a través dun contrato de concesión a realización de actividades culturais no Teatro Colón e na provincia.

O Teatro Colón é de titularidade da Deputación Provincial da Coruña e está situado na Avda. da Marina s/n e foi recentemente acondicionado e restaurado pola Institución provincial, quen realizou un extraordinario esforzo investidor para que o local dispoña dunhas magníficas e modernas instalacións que posibiliten a realización de toda clase de espectáculos nas mellores condicións técnicas, acústicas e de visibilidade, e con alto nivel de calidade, para un aforamento de 937 localidades dotadas do maior confort.

A través do contrato de concesión, a deputación combinará a xestión directa (pois no prego figura a reserva de uso do teatro por parte da deputación, polo menos 45 días ao ano para actividades culturais promovidas pola institución provincial), e a xestión indirecta propiamente dita, que se realizará por iniciativa privada. Desta maneira a deputación e os cidadáns obteñen as vantaxes de ambos os dous sistemas. E deste modo asegúrase á cidadanía da provincia unhas maiores opcións de servizos culturais. Ademais a desconcentración de actividades culturais na provincia achegará máis aos habitantes dos municipios unha oferta cultural máis ampla e variada que complementará as actividades propias das entidades municipais e outras específicas neste ámbito que realiza a deputación.

A realización das actividades culturais a través dunha programación estábel, de calidade e aberta a toda a cidadanía, enmarcada en pautas de actuación democráticas e de acordo cos principios e valores constitucionais e estatutarios e tendo como eixe a

liberdade de expresión artística, enténdese que debe concibirse lonxe de calquera pretensión de dirixismo.

Por iso, desde a Institución provincial considérase que os verdadeiros protagonistas da actividade cultural deben ser a sociedade, os autores, intérpretes, produtores, directores e demais axentes que interveñen na concepción e desenvolvemento de actividades culturais, así como os municipios, e polo tanto, o labor da institución provincial debe centrarse en fomentar e alentar as iniciativas culturais libres.

Con base nos antecedentes expostos, establécense as presentes normas de funcionamento do servizo, referidas unicamente ao Teatro Colón.

I.- OBXECTO

1.- OBXECTO.- As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso do Teatro Colón para ofrecerlles aos cidadáns o goce da cultura nas súas diversas manifestacións.

2.- EIDO DE ACTUACIÓN.- As presentes normas serán de aplicación a todas as actividades que se realicen exclusiva e unicamente no Teatro Colón, comprendidas no contrato de concesión do dito servizo, de acordo co prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de actividades socio-culturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

II.- DEREITOS DOS USUARIOS

3.- DEREITO Á IGUALDADE.- Os usuarios teñen dereito a seren admitidos como espectadores das actividades que se han realizar en condicións de igualdade, e polo tanto non poden ser discriminados por razón de raza, sexo, nacionalidade, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.

4.- DEREITO DE DETERMINADOS COLECTIVOS.- Os desempregados, estudantes e terceira idade e outros colectivos que se estableza, terán dereito a descontos naqueles espectáculos que se inclúan con este carácter na oferta cultural que realice o adxudicatario ou a deputación.

Nos casos en que un determinado espectáculo teña carácter gratuíto, o acceso realizarase mediante criterios obxectivos

5.- DEREITO A ASISTIR E CONTEMPLAR O ESPECTÁCULO.- Os usuarios teñen dereito a contemplar o espectáculo polo que aboaron ou recibiron unha entrada, nas mellores condicións de comodidade e confort posíbeis.

6- LIMITACIÓN POR AFORAMENTO.- Os dereitos establecidos nos artigos 3, 4 e 5 teñen como límite o aforamento do Teatro.

7.- DEREITO A UNHA ATENCIÓN ADECUADA.- Os usuarios teñen dereito a seren tratados con amabilidade, cortesía e respecto e a seren atendidos de maneira dilixente.

8.- DEREITO DE INFORMACIÓN.- Os cidadáns teñen dereito a seren informados coa suficiente antelación da oferta cultural programada, así como das datas, horarios, lugares e modalidades de venda das localidades e demais características dos espectáculos ou actividades culturais.

Entre outros medios de información, o concesionario disporá dunha páxina web onde se poderá consultar permanentemente esta información.

9.- DEREITO A PARTICIPAR.- Os cidadáns poderán proporlle á deputación ou ao concesionario aqueles espectáculos que estimen convenientes para que estes estuden a posibilidade ou conveniencia da súa realización.

10.- LIBRO DE RECLAMACIÓN.- Os usuarios terán á súa disposición no Teatro Colón un libro de reclamacións para o seu coñecemento por parte da deputación e a adopción, se é o caso, das medidas correspondentes.

11.- CAIXA DE CORREO DE SUXESTIÓNS.- Os usuarios terán á súa disposición, no Teatro Colón, un caixa de correo de suxestións, relativas a melloras na prestación do servizo ou calquera outra suxestión.

O concesionario deberá remitir unha copia destas á deputación.

Non obstante, os usuarios poderán presentar directamente as devanditas suxestións na Deputación Provincial da Coruña.

12.- DEREITO Á DEVOLUCIÓN DO PREZO.- Nos casos de suspensión de espectáculos, o usuario terá dereito á devolución do prezo da localidade ou á entrega dunha nova entrada (no caso de que o espectáculo ou función, se pospoña a outra data), e sempre que este dereito se exercite dentro dos prazos razoabelmente suficientes que estableza a organización. Para estes efectos a organización comunicará e difundirá inmediatamente os prazos, lugares e datas onde os usuarios poderán facer valer este dereito.

III.- DEBERES DOS USUARIOS

13.- DEBER DE ABOAR O PREZO.- O usuario que queira acceder a un espectáculo ou actividade, deberá aboar as tarifas establecidas para esta, agás naquelas actividades que teñan carácter gratuíto.

Nin a deputación nin o concesionario garanten a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declinan toda responsabilidade.

Non se admitirán devolucións nin cambios de entradas, agás o establecido no artigo 12 das presentes normas.

14.- DEBER DE RESPECTAR AS COLAS.- Os usuarios deberán respectar a orde establecida para as colas nos despacho dos billetes ou para os accesos (entradas e saídas) aos espectáculos.

15.- RESPECTAR O HORARIO.- Os usuarios deberán acceder ao Teatro Colón ou aos locais coa debida antelación, polo que non terán dereito a acceder á sala unha vez iniciada a representación, sen prexuízo de que poidan esperar a incorporarse nos descansos da representación, sempre que a organización o estime procedente.

16.- DEBER DE RESPECTO E TOLERANCIA.- Os usuarios deberán gardar o debido respecto aos intérpretes e as demais persoas que interveñen nos espectáculos, así como ao público, gardarase a debida compostura e silencio durante as representacións.

Os usuarios deberán desconectar as alarmas dos reloxo e silenciar os teléfonos móbiles durante toda a representación.

17.- PROHIBICIÓN DE FUMAR E DISTRIBUÍR BEBIDAS ALCOHÓLICAS.- De conformidade co disposto na Lei 28/2005 do 26 de decembro, de prevención do tabaquismo, os usuarios non poderán fumar en ningunha instalación do Teatro Colón. Tampouco se poderá vender, distribuír ou facilitar bebidas alcohólicas.

18.- PROHIBICIÓN DE GRAVACIÓN.- Prohíbese filmar ou gravar os espectáculos, así como o uso de flash, salvo que o autorice expresamente a organización.

19.- DEBER DE RESPECTAR AS INSTALACIÓNS.- Os usuarios deberán respectar todos os bens e instalacións do Teatro, polo que se evitará o seu estrago. Igualmente non poderán tirar papeis, envases, comida, bebidas e calquera outro obxecto, contribuíndo a que o Teatro se conserve en adecuadas condicións de limpeza. Así mesmo, deberán utilizar adecuadamente os aseos a fin de que se manteñan nas

mellores condicións hixiénico-sanitarias, así mesmo, quedará prohibida a realización de graffiti ou pintadas.

20.- DEBERES EN CASO DE EMERXENCIA.- Os usuarios terán a obriga de seguir as instrucións que se diten en caso de existencia dalgunha situación de perigo derivada de incendio ou calquera outro risco, e actuará sempre con calma e serenidade.

IV.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

21.- CUMPRIMENTO DE NORMATIVAS.- O adxudicatario deberá cumprir a Normativa laboral e seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, espectáculos públicos, mantemento e seguridade das instalacións e calquera outra norma de carácter obrigatorio aplicábel a estas actividades.

22.- OBRIGAS RESPECTO Á DEPUTACIÓN.- O concesionario deberá cumprir as obrigas derivadas do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación, mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de actividades culturais na provincia da Coruña, na modalidade de concesión.

23.- OBRIGAS ESPECÍFICAS RESPECTO AOS USUARIOS.- O concesionario deberá garantir o exercicio dos dereitos dos usuarios que se indican nos artigos do 3 ao 12 da presente norma.

Así mesmo, o concesionario terá en conta que as diversas manifestacións culturais se realizarán respectando a liberdade de expresión artística e observando os principios e valores constitucionais e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os recollidos nos tratados e os convenios sobre dereitos humanos, protección da infancia e a mocidade, etc. Neste sentido o concesionario informará ao público das características das obras ou espectáculos e ao tipo de público ao que van destinados.

24.- OBRIGAS RESPECTO AOS INTÉRPRETES E COMPAÑÍAS.- O concesionario deberá atender adecuadamente os intérpretes e compañías que actúen no Teatro, polo que lle prestarán a súa colaboración, de acordo cos contratos que subscriba con eles.

25.- OBRIGAS RESPECTO A USUARIOS CON DISCAPACIDADE.- O concesionario deberá cumprir a normativa de accesibilidade e facilitar a súa maior colaboración en relación coa entrada, permanencia e saída do local a persoas discapacitadas.

26.- MANTEMENTO DO EQUIPO DE DESFIBRILACIÓN.- O concesionario deberá manter en perfecto estado de funcionamento o equipo de desfibrilación semiautomático. Para estes efectos o adxudicatario deberá esixirle ao persoal do Teatro que realice os cursos de formación e perfeccionamento para a utilización destes equipo.

27.- DIFUSIÓN das normas de funcionamento.- O concesionario deberá manter durante toda a vixencia do contrato, de forma doadamente accesíbel na súa páxina web, o texto íntegro das presentes normas ou as súas modificacións.

V.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

28.- DEREITOS DO CONCESIONARIO.- Serán os establecidos no prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de actividades culturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

VI.- DEREITOS E OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

29.- DEREITOS E OBRIGAS DA DEPUTACIÓN.- Serán os establecidos no prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante concurso con procedemento aberto da xestión do Teatro Colón e a realización de actividades culturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión.

VII.- AVALIACIÓN DE CALIDADE

30.- A deputación avaliará anualmente a calidade do servizo, tendo en conta entre outros factores

- A: os resultados das enquisas aos usuarios e cidadáns
- B: número de usuarios e grao de ocupación
- C: informes de expertos sobre a calidade do servizo
- D: número de consultas realizadas á páxina web
- E: queixas presentadas
- F: suxestións formuladas
- G: felicitacións ou críticas recibidas.

VIII.- VIXENCIA

31.- VIXENCIA.- As presentes normas iniciarán a súa vixencia no momento da adxudicación do contrato para a xestión do Teatro Colón e a realización de actividades culturais na provincia da Coruña na modalidade de concesión e durante a súa vixencia, que poderán ser modificadas polo Pleno da Corporación logo dos trámites previos correspondentes.

6.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE 21.024 METROS ² DOS TERREOS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN SITOS NA MARXE DEREITA DA ESTRADA AC 173 (QUE DISCORRE DE PERILLO A MERA AO SEU PASO POR BASTIAGUEIRO, MUNICIPIO DE OLEIROS)

A FAVOR DO CONCELLO DE OLEIROS COA FINALIDADE DE OS DESTINAR A AUDITORIO MUNICIPAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De conformidade coa aprobación inicial do Pleno provincial do día 29 de xuño de 2006, publicada no BOP nº 161 do 14 de xullo de 2006, e transcorrido o prazo de información pública, sen que se formularan reclamacións:

PROCEDE

1.- Aprobar definitivamente o expediente de cesión da propiedade ao Concello de Oleiros para a construción dun auditorio, dos bens propiedade da deputación que deseguido se describen:

21.024 m² sobre os terreos que a Deputación da Coruña posúe na marxe dereita da AC-173, que discorre de Perillo a Mera, ao seu paso por Bastiagueiro correspondentes ao predio do Rexistro 12.160 do municipio de Oleiros (inscrita no tomo 1.056, libro 131, folio 88, do Rexistro da Propiedade nº 3 da Coruña); **superficie valorada polo Servizo de Arquitectura desta Excma. Deputación provincial en 4.415.040'00 €.**

2.- Establecer como condicións da cesión da propiedade as seguintes:
A.- A cesión outórgase coa finalidade exclusiva de construír un auditorio, que deberá estar finalizado e en uso no prazo de cinco anos desde a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá o terreo nesta deputación, para o que será suficiente coa acta notarial expresiva de que o Concello de Oleiros, por requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento do auditorio.

B.- A deputación resérvase o dereito de uso dos bens durante 15 días ao ano para realizar aquelas actividades que estime necesarias.

C.- O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se devenguen da actual cesión da propiedade irán por conta do cesionario, quen así mesmo asumirá todos os custos de conservación e de mantemento.

D.- Se os bens cedidos deixan de se aplicar en toda a súa extensión ao fin previsto durante os trinta anos posteriores á verificación da cesión, considerarase resolta a cesión e reverterán os bens cedidos á deputación; polo que en caso de incumprimento bastará a acta notarial de constancia de feitos acreditándoo, acompañada da mesma escritura de cesión, para inscribir no Rexistro da Propiedade os bens a favor da deputación por dereito de reversión dimanante do incumprimento da condición expresa.

3.- Facultar o presidente desta Corporación para a execución do presente acordo.”

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CUBRICIÓN DE PISTAS DE PADEL NA MALATA PL.” DO CONCELLO DE FERROL,

INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 04.7450.0013.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

1º.- Aprobar por un importe total de 199.065,31 € sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra “CUBRICIÓN DE PISTAS DE PÁDEL NA MALATA PL.” do Concello de Ferrol, código 04.7450.0013.0, que foi incluída con carácter plurianual nas anualidades 2004-2005 na 2ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual do IV Convenio Xunta-Deputación 2002-2006, aprobada polo Pleno da deputación en sesión realizada o 28 de outubro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento da obra por razón do incremento experimentado que é de **39.809,27 €** sobre o orzamento de contrata do proxecto técnico inicial e de **33.439,79 €** sobre o orzamento de adxudicación. O citado incremento financiarao integramente a deputación e asignaráselle o código 05.7450.0013.1.

Por isto, os datos do financiamento do proxecto reformado, calculados sobre o orzamento de contrata ofrecen o seguinte resumo:

	PTO. TOTAL CONTRATA	2.004	2.005
Deputación	146.510,82	53.350,78	93.160,04
Concello f. propios	52.554,49	52.554,49	0,00
TOTAL	199.065,31	105.905,27	93.160,04

Este incremento poderase facer efectivo con cargo ao crédito dispoñíbel na partida do convenio 0501/452D/601.01 do vixente orzamento provincial.

3º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

8.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0302 DE TEIXEIRO Á FALCONA PK. 0.00 AO 3.85 QUE INTEGRA A DÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 DE ACORDO CO PROGRAMA DE

INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a DÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0302 DE TEIXEIRO Á FALCONA PK 0+000 A 3+850 (CURTIS E OZA DOS RIOS)	984.930,9	53.114,72
TOTAL	984.930,9	53.114,72

2.- Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0302 DE TEIXEIRO Á FALCONA PK 0+000 A 3+850 (CURTIS E OZA DOS RIOS)	<ul style="list-style-type: none"> - O trazado proxectado iníciase na intersección coa estrada da Castellana a Teixeira AC231. O final do tramo sitúase na intersección da EP-0302 coa EP-3203, Pena da Gándara-Burricios, que conecta os núcleos de Teixeira e Oza dos Ríos. - Proxéctase unha obra de fábrica nova no PK 1 600, xa que non é suficiente para soportar a avenida dos 500 anos - A sección tipo adoptada consiste en dúas calzadas de 3,50 metros cada unha, dúas beiravías de 1 metro, agás nas zonas illadas entre edificacións nas que se reduciu a beiravía a 0,5 ou se suprimiu - Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgúns zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno. Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos. - O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é

	<p>bastante escaso, cunha calzada ao redor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís.</p> <p>- A estrada discorre por zonas acusadamente rurais e actúa como vía colectora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.</p> <p>- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as dúas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras.</p> <p>- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos</p> <p>- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos</p>
--	--

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entenderase definitivamente aprobado se estas non se producen.”

9.-SINATURA DO CONVENIO COA ENTIDADE A CREBA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO OCUPACIONAL EN NOIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do segundo convenio que ha subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Pro Saúde mental “A Creba” para cofinanciar a construción dun centro ocupacional en Noia.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.000,00 € (67,10% do total).

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0701/313M/789.01.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o que se xunta como anexo ao presente ditame.”

SEGUNDO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL “A CREBA” PARA COFINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO OCUPACIONAL EN NOIA

A Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial, o de de 2006

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almau Supervía e

Don José Ramón Girón García, presidente da Asociación Pro Saúde Mental “A Creba”, de Noia, A Coruña

EXPOÑEN

1º) A deputación é competente, conforme á Lei de servizos sociais art. 22-a apartado 6, para a colaboración no financiamento de equipamentos de entidades de iniciativa social en Servizos Sociais de atención especializada e carácter supramunicipal.

2º) A Asociación A CREBA, ten como finalidade, entre outras, promover a intervención na área de saúde mental, en intervencións non cubertas polas institucións existentes, para mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidades psíquicas, a información, o apoio ás familias e a integración e reinserción psicosocial do enfermo.

Ambas as dúas entidades, fórmulanse unha colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

As entidades que subscriben o presente convenio de colaboración, asinaron o 17 de setembro de 2004, un convenio para cofinanciar a execución das obras de construción dun Centro Ocupacional en Noia, A Coruña, para a atención de persoas con enfermidade mental, na que a deputación achega a cantidade de 40.000 euros, para un orzamento de 396.312,92 euros.

A Excma. Deputación da Coruña fórmulase como obxectivo deste segundo convenio permitir o desenvolvemento na provincia dos servizos de atención a enfermos psíquicos, que oferten alternativas á súa inserción laboral e social, que se obteñen coa finalización da obra e posta en funcionamento do citado Centro Ocupacional.

Concrétase a actuación da deputación na axuda económica á entidade de iniciativa social A Creba, para o cofinanciamento do incremento do orzamento de gastos de execución e de gastos de honorarios e autorizacións, non contemplados no convenio de 2004, segundo o orzamento presentado pola entidade, e no que se inclúe a certificación expedida polo arquitecto director da obra, Sr. Otero Méndez, sobre o seu incremento de gastos, orzamento que figura como anexo I ao convenio e que ascenden a un importe estimado de 89.482,29 euros.

SEGUNDA.-

A Asociación A CREBA, comprométese á total finalización da edificación do Centro conforme ao indicado e a dar cumprimento ao expresado como obxecto do convenio.

A Asociación A CREBA fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da actividade, a colaboración da Deputación da Coruña. Igualmente correspóndelle á Asociación A CREBA, a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio, e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seu seguimento.

TERCEIRA.-

A deputación achegará a seguinte cantidade:

Con cargo á partida 0701/313M/789.01, do vixente orzamento, un máximo de 60.000 €, para gastos complementarios de execución do proxecto de edificación do Centro Ocupacional, que ascende a 89.428,29 euros, é dicir finánciase o 67,10% do orzamento de execución da obra subvencionada, a restante achega que se requira para executar o Centro ocupacional conforme ao solicitado será por cargo da Asociación A CREBA

CUARTA.-

A. A achega provincial aboarase do modo seguinte:

Pagamentos:

Realizarase un único pagamento, até o total da achega comprometida (60.000,00 €) que se fará logo da presentación previa da documentación xustificativa a que se refire o punto B apartados 1,2,3, 4, 5 e 6 do presente convenio.

B. A documentación xustificativa requirirá :

- 1º) Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
- 2º) Execución das obras. Se as obras a executa a administración: certificación subscrita polo técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.
- 3º) Sinalar a conta de titularidade da asociación para efectuar os pagamentos.
- 4º) Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita polo técnico colexiado competente, que poderá conter os beneficios industriais e IVE, factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista ou quen corresponda respecto aos gastos xerais.
- 5º) Para o cobramento do último prazo requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para a que foi concedida.
- 6º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración, se é o caso, de non ter outras axudas públicas ou privadas para el.

No suposto de que non se xustifique até a contía total do gasto previsto de 89.428,29 euros, minorarase a achega da deputación co mantemento da porcentaxe de financiamento correspondente (67,10%) da cantidade total xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se, para a realización do obxecto do presente convenio, a asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas, que en concorrencia coa concedida supere o total do custo da actividade, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

A Asociación Pro Saúde Mental A Creba, deberá destinar os bens á fin concreta para o que se concedeu a subvención durante, polo menos, 10 anos contados desde a sinatura do presente convenio.

QUINTA.-

O período de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura até o 31 de marzo de 2007, no que poderá realizar as actividades que constitúen o seu obxecto, deberase presentar a documentación xustificativa correspondente aos gastos da obra subvencionada pola deputación, antes desa data.

SEXTA.-

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, e en todo caso, a obtención de axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

SÉTIMA.-

Serán causas de resolución do presente convenio e dará lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintas ás que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

OITAVA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posíbeis cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia desta.

ANEXO

ORZAMENTO DE GASTOS SUBVENCIONADOS

1. LICENZAS MUNICIPAIS DE OBRA DE APERTURA CONCELLO NOIA	8.098,45 €.
2.HONORARIOS DE ARQUITECTO E APARELLADORA DA OBRA	11.783,67 €.
3.INCREMENTO DO ORZAMENTO DA OBRA INICIAL SEGUNDO ORZAMENTO E CERTIFICACIÓN	68.237,81 €.
4.GASTOS DE NSTALACIÓN ELECTRICA E EXTINTORES	1.362,36 €.
TOTAL	89.482,29 €.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DÁ DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.